

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 8 de maio de 2026 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba a modificación das bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para os anos 2026-2027 (código de procedemento IG408B).

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 10, do 16 de xaneiro de 2026, publicouse a Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para os anos 2026-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Na devandita convocatoria habilitáronse catro modalidades de préstamos: préstamos para proxectos de investimento, préstamos para a concentración empresarial e sucesión de empresas, préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación e os préstamos para o financiamento operativo, dando continuidade ao Programa de apoio ao financiamento empresarial da Xunta de Galicia.

As liñas de financiamento mediante préstamos directos do Igape teñen demostrado ser unha ferramenta eficaz para responder con rapidez e flexibilidade ás necesidades de liquidez das empresas galegas en contextos de incerteza e crise. A súa posta en marcha en situacións excepcionais pasadas, como foron a pandemia da COVID-19, as consecuencias económicas derivadas da guerra en Ucraína e as incertezas no mercado derivadas da imposición de aranceis por parte dos EE.UU., permitiu mitigar os efectos negativos sobre o tecido produtivo, facilitando o acceso ao crédito en momentos en que os canais financeiros tradicionais presentaban maiores restricións.

O balance destas actuacións por parte do Igape é claramente positivo. Por unha banda, contribuíron a preservar a actividade empresarial e o emprego, evitando o peche de empresas viables con dificultades conxunturais. Por outra, permitiron reforzar a solvencia e a capacidade de adaptación das empresas, favorecendo a continuidade de proxectos estratéxicos e a recuperación económica. Ademais, o carácter público destes instrumentos posibilita condicións máis favorables –en termos de prazos, tipos de xuro ou carencias– adaptadas ás circunstancias específicas de cada situación.



A utilización de préstamos directos xustifícase especialmente en contextos de elevada incerteza, como o actual conflito bélico en Oriente Medio, que pode xerar tensións nos mercados, o encarecemento de materias primas, dificultades de financiamento e a posible alza dos tipos de xuro. Nestes escenarios, a intervención pública resulta clave para garantir que as empresas dispoñan dos recursos necesarios para facer fronte a incrementos conxunturais de custos, interrupcións nas cadeas de subministración ou caídas puntuais da demanda.

Así, o instrumento dos préstamos directos do Igape constitúe unha resposta áxil, focalizada e eficaz para atender situacións extraordinarias de necesidade financeira, complementando o sistema financeiro e reforzando a resiliencia do tecido empresarial galego.

Nas actuais circunstancias excepcionais provocadas polo conflito bélico de Oriente Medio, considérase necesario achegar financiamento ás empresas galegas que operan nos mercados especialmente afectados, mediante dúas vías:

- Dentro la liña de préstamos para o financiamento de circulante, introducir unha modalidade dirixida ás empresas que manteñan relacións comerciais cos mercados afectados, por importe de ata 2.000.000 € por empresa, co obxectivo de paliar tensións de tesouraría e facilitar a adaptación a novas condicións comerciais.

- Apoiar aquelas empresas implantadas mediante sucursais, filiais ou establecementos nos países especialmente afectados, promovendo actuacións que faciliten a diversificación da súa presenza internacional cara a terceiros países. Para estes casos elévase a porcentaxe máxima de financiamento do 75 % ata o 100 % dos custos que se van afrontar.

Motivado pola urxencia en dar resposta ás empresas afectadas por esta situación, establécese un prazo máximo estimado de dez (10) días para a resolución, contado desde a data de presentación da solicitude completa no Igape.

Por todo o anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1

Modificar a Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para os anos 2026-2027, e se procede á súa con-



vocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408B), nos seguintes termos:

1. Modifícase o punto D.2) do anexo I.1 Préstamos para proxectos de investimento

O parágrafo que di: «En ningún caso superará o 75 % do custo do proxecto financiable» substitúese polo seguinte:

«O importe do préstamo poderá acadar ata o 75 % do custo do proxecto. Non obstante, poderá chegar ata o 100 % no caso de gastos e investimentos vinculados á implantación no exterior, cando se trate de empresas que contén previamente con filiais, sucursais ou establecementos permanentes nalgún dos países especialmente afectados polo conflito bélico de Oriente Medio (Afganistán, Arabia Saudita, Armenia, Acerbaixán, Bahréin, Emiratos Árabes Unidos, Xeorxia, Iraq, Irán, Israel, Xordania, Kuwait, Líbano, Omán, Palestina, Catar, Siria, Iemen, Chipre, Exipto, Turquía e Estados Unidos de América), e que presenten un proxecto de investimento dirixido á implantación en terceiros países co obxecto de diversificar a súa presenza internacional».

2. Modifícase a alínea E) Documentación específica que se deberá presentar coa solicitude do anexo I.1 Préstamos para proxectos de investimento, para engadir o seguinte parágrafo:

«No caso de proxectos relacionados coa implantación no exterior por parte de empresas que contén con filiais, sucursais ou establecementos permanentes nalgún dos países especialmente afectados polo conflito bélico de Oriente Medio (Afganistán, Arabia Saudita, Armenia, Azerbaixán, Bahréin, Emiratos Árabes Unidos, Georgia, Iraq, Irán, Israel, Xordania, Kuwait, Líbano, Omán, Palestina, Qatar, Siria, Iemen, Chipre, Exipto, Turquía e Estados Unidos de América), deberá achegarse documentación xustificativa que acredite que a entidade solicitante se atopa implantada mediante filial, sucursal ou establecemento permanente nalgún dos devanditos países».

3. Modifícase a alínea A) Obxecto do anexo I.4 Préstamos para o financiamento operativo, engadindo a subepígrafe seguinte:

«A.5. Empresas que durante o ano 2025 mantiveron relacións con países especialmente afectados polo conflito bélico de Oriente Medio (Afganistán, Arabia Saudita, Armenia, Acerbaixán, Bahréin, Emiratos Árabes Unidos, Xeorxia, Iraq, Irán, Israel, Xordania, Kuwait, Líbano, Omán, Palestina, Catar, Siria, Iemen, Chipre, Exipto, Turquía e Estados Unidos de América)».



4. Modifícase o punto D.1 Importes mínimo e máximo da alínea D) Condicións do produto financeiro no anexo I.4 Préstamos para o financiamento operativo, engadindo:

«Para os supostos previstos no punto A.5 anterior, o importe do préstamo terá como límite máximo o volume de operacións de exportación e/ou importación realizadas no ano 2025 cos países especialmente afectados polo conflito bélico de Oriente Medio, cun máximo de 2.000.000 € e un mínimo de 135.000 €. Non obstante, cando o volume destas operacións supere o 10 % das vendas da empresa, non se aplicará o límite mínimo».

5. Modifícase a alínea E) Documentación específica que se deberá presentar coa solicitude do anexo I.4 Préstamos para o financiamento operativo, engadindo o seguinte:

– Para os supostos encadrados no punto A.5 anterior: relación de facturas correspondentes ás exportacións e/ou importacións aos países especialmente afectados, polas operacións comerciais efectuadas durante o ano 2025, con indicación do cliente, o importe e a data, achegando as aclaracións oportunas no caso de operacións comerciais indirectas.

6. Modifícase o punto de documentación que se presenta ou xa presentada con anterioridade no anexo VII.1, que se substitúe polo que se anexa a esta resolución.

Segundo. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2026

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
ANEXO VII.1

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PRÉSTAMOS DIRECTOS PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL EN GALICIA	IG408B	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal.	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO			
PODER DE REPRESENTACIÓN			
PODER N°	DATA PODER	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO/A	N° DE PROTOCOLO

Modalidade de préstamo ao amparo da que solicita a axuda (marcar unha única opción das seguintes): <input type="checkbox"/> Préstamos para investimentos. <input type="checkbox"/> Préstamos para a concentración e sucesión de empresas. <input type="checkbox"/> Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación. <input type="checkbox"/> Préstamos para financiamento operativo.
--

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: - Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE <input type="checkbox"/> A documentación específica sinalada no Anexo I para cada modalidade de préstamo.
<input type="checkbox"/> Préstamos para investimentos.
<input type="checkbox"/> Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 1 do Anexo I das bases reguladoras. <input type="checkbox"/> No caso de proxectos relacionados coa implantación no exterior por parte de empresas que contén con filiais, sucursais ou establecementos permanentes nalgún dos países especialmente afectados polo conflito bélico de Oriente Medio (Afganistán, Arabia Saudita, Armenia, Azerbaiyán, Bahreín, Emiratos Árabes Unidos, Georgia, Iraq, Irán, Israel, Xordania, Kuwait, Líbano, Omán, Palestina, Qatar, Siria, Iemen, Chipre, Exipto, Turquía e Estados Unidos de América), deberá achegarse documentación xustificativa que acredite que a entidade solicitante se atopa implantada mediante filial, sucursal ou establecemento permanente nalgún dos devanditos países.
<input type="checkbox"/> Préstamos para concentración e sucesión de empresas.
<input type="checkbox"/> Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 2 do Anexo I das bases reguladoras.
<input type="checkbox"/> Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
<input type="checkbox"/> Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 3 do Anexo I das bases reguladoras.
<input type="checkbox"/> Préstamos para financiamento operativo
<input type="checkbox"/> Declaración do imposto de sociedades do último exercicio fiscal para o que rematase o período voluntario de presentación. <input type="checkbox"/> Memoria da actuación co contido establecido na letra E) do punto 4 do Anexo I das bases reguladoras. <input type="checkbox"/> Declaracións de IVE presentadas no exercicio corrente. <input type="checkbox"/> Para os supostos encadrados na letra A.5 do punto 4 do Anexo I das bases reguladoras: Relación de facturas correspondentes ás exportacións e/ou importacións aos países especialmente afectados, polas operacións comerciais efectuadas durante o ano 2025, con indicación de cliente, importe e data, achegando as aclaracións oportunas no caso de operacións comerciais indirectas.

CVE-DOG: de9rggd9-bx16-q2u0-ufy2-jrouh5qy1e2


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO VII.1
(continuación)**

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)			
<input type="checkbox"/> Informe detallado da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIR) correspondente ao último período dispoñible, consistente nun arquivo en formato PDF asinado electronicamente que o solicitante deberá obter da Oficina Virtual do Banco de España (actualmente na dirección da internet https://sedeelectronica.bde.es).			
<input type="checkbox"/> Persoas xurídicas, de ser o caso:			
<input type="checkbox"/> Contas anuais, auditadas, se é o caso, correspondentes ao último exercicio pechado.			
<input type="checkbox"/> Balance e conta de resultados recentes, asinados polos administradores.			
<input type="checkbox"/> Persoas físicas ou comunidades de bens, de ser o caso: copias das declaracións de IVE: resumo anual do exercicio anterior e liquidacións periódicas do exercicio corrente.			
<input type="checkbox"/> Anteproxecto ou proxecto técnico elaborado para a obtención da correspondente licenza urbanística no caso de proxectos que inclúan gastos de obra civil e cando sexa preceptiva a dita licenza (construción ou reforma de nave, oficinas, locais comerciais, etc.), se é o caso. Exceptúase da necesidade de presentación de anteproxecto ou proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores.			
<input type="checkbox"/> Relación detallada dos investimentos e/ou gastos que se van realizar, distinguindo entre bens novos e usados.			
<input type="checkbox"/> Acreditación da dispoñibilidade do inmovible afecto ao proxecto de investimento (copia do contrato de aluguer, concesión, superficie ou adquisición, segundo proceda).			
<input type="checkbox"/> Acreditación da capacidade de financiamento da parte da actuación non cuberta co préstamo solicitado, se é o caso. Esta acreditación poderá consistir:			
- Nunha certificación bancaria da dispoñibilidade líquida (que terá que indicar expresamente que o saldo dispoñible non está peiorado nin suxeito a limitacións de dispoñibilidade) e/ou unha comunicación do financiador indicando importe, prazo, carencia e garantías que se van tomar;			
- Nun compromiso firme do financiamento que van achegar os socios, no que figure a natureza, importe e prazos.			
<input type="checkbox"/> Complementariamente, o Igape poderá solicitar a achega, con carácter facultativo, daqueloutra documentación xustificativa para os efectos de valoración do risco.			
	ÓRGANO	COD.PROC.	ANO
Persoas xurídicas, de ser o caso:			
<input type="checkbox"/> Escritura/acta de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.			
<input type="checkbox"/> Poder da persoa representante que presenta a solicitud, inscrito, no seu caso, no rexistro competente.			
COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.			OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante			o
DNI/NIE da persoa representante			o
Certificado de estar ao corrente do pago coa Seguridade Social			o
Certificado de estar ao corrente do pago coa Consellería de Facenda e Administración Pública			o
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas			o
Consulta de axudas e subvencións <i>minimis</i> ampliado			o
Consulta de concesións ampliado			o
Consulta de axudas do Estado			o
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente			AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante			o Si o Non
NIF da entidade representante			o Si o Non
Imposto de actividades económicas (IAE)			o Si o Non
Certificado de estar ao día nas obrigacións tributarias coa AEAT			o Si o Non
Certificado de renda (IRPF) no caso de persoas físicas ou comunidades de bens			o Si o Non




**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA**
**ANEXO VII.1
(continuación)**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXP e 8 da Lei orgánica 5/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 8 de maio de 2026 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia para os anos 2026-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data



Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>